



**RESOLUCIÓN** pola que se convocan a elección de destino provisional ás persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 005 do grupo I, titulado/a superior veterinario/a, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2020.

De conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e co obxecto de avanzar en facer efectivo o dereito da cidadanía a relacionarse electronicamente coas administracións públicas e a conseguinte obriga destas de dotarse dos medios e sistemas necesarios para que ese dereito poida exercerse, cómpre incorporar unha tramitación electrónica á fase de elección de destino das persoas aspirantes que superaron un proceso selectivo convocado pola Dirección Xeral da Función Pública.

A resolución dítase por delegación, de conformidade co establecido na Orde do 8 de xaneiro de 2020 sobre delegación de competencias na Dirección Xeral da Función Pública, publicada no DOG núm. 16, do 24 de xaneiro.

Unha vez finalizado o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na categoría 005 do grupo I, titulado/a superior veterinario/a, de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado pola Resolución do 10 de decembro de 2020 (DOG núm. 249, do 11 de decembro); e, unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos exigidos por parte das persoas aspirantes co obxecto de adxudicarlles destino provisional, e segundo a base IV.6 da convocatoria, esta consellería

#### DISPÓN:

Primeiro. Publicar como anexo I a relación de persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e que, segundo a base IV.6 da convocatoria, son convocadas á elección de destino provisional, segundo a orde que, en aplicación das bases da convocatoria, deberá seguirse para os efectos da adxudicación de destino.

Segundo. Os postos ofertados e os requisitos esixidos para a súa ocupación figuran como anexo II desta resolución. As persoas aspirantes elixirán as prazas ao grupo e categoría á que acceden e de conformidade co indicado no anexo II desta resolución.

Terceiro. Para o acceso á aplicación informática para a elección de destino, a Dirección Xeral da Función Pública remitirá ás persoas aspirantes un correo electrónico co usuario e a clave de acceso á aplicación.

No prazo máximo de dous (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no DOG, as persoas aspirantes, no suposto de que non recibise correctamente o seu usuario e clave, deberán poñerse en contacto co servizo informático da Dirección Xeral da Función Pública, no teléfono 881 999 883, para que se lles faciliten os datos necesarios.

Unha vez transcorrido o prazo sinalado no parágrafo anterior, abrirase un prazo de cinco (5) días hábiles para que as persoas aspirantes que constan no anexo I desta resolución seleccionen telematicamente, a través do sistema electrónico, os destinos ofertados por orde de prelación.

A elección de destinos deberá realizarse a través do sistema electrónico a que se poderá acceder a través da páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal), seguindo a ruta «Función pública»–«Procesos selectivos».





Cuarto. Para a selección de destinos as persoas aspirantes deberán acceder ao sistema electrónico e proceder da seguinte forma:

Unha vez que acceda ao seu expediente electrónico, a persoa aspirante deberá, en primeiro lugar, elixir entre as opcións «Renuncia», «Solicitud de excedencia» ou «Escoller posto».

1º) De elixir a opción «Renuncia», deberaa presentar por escrito no rexistro da Xunta de Galicia no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro. A persoa aspirante que exerza esta opción quedará excluída do proceso e decaerá no seu dereito a ser nomeada persoal laboral fixo do grupo e da categoría a que accede.

2º) De elixir a opción «Solicitud de excedencia»: as persoas aspirantes poderán solicitar ser declaradas en excedencia voluntaria por incompatibilidade regulada no artigo 24.5 do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia, o que deberán de manifestar por medios electrónicos e no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro.

3º) De elixir a opción «Escoller posto», as persoa aspirantes seleccionarán, por orde de preferencia, os destinos que se ofertan. No suposto de que escolla un número de prazas inferior ao da posición que ocupa no proceso, as persoas aspirantes que cumpran os requisitos esixidos no artigo 24.5 do V Convenio colectivo único da Xunta de Galicia poderán solicitar ser declaradas en excedencia voluntaria por incompatibilidade, o que deberán de manifestar mediante a presentación dunha solicitude por escrito e no mesmo prazo previsto no parágrafo terceiro, á que deberán achegar a copia da última orde de prelación dos postos ofertados e seleccionados no sistema electrónico debidamente asinada.

Quinto. Ás persoas aspirantes que non presenten a súa solicitude de elección no prazo sinalado, ou seleccionen un número de prazas inferior ao da posición que ocupan no proceso e non se lles adxudique ningún destino ou non presentase a súa solicitude no xeito previsto nesta resolución, seranlles adxudicados en destino provisional os postos que lles correspondan atendendo á orde de publicación destes e ao número obtido no proceso selectivo, unha vez concluído o proceso de adxudicación dos postos ás aspirantes presentes ou representadas, entre os que quedasen sen adxudicar.

Sexto. Todas as comunicacións que formulen as persoas aspirantes dirixiranse á Consellería de Facenda e Administración Pública, Dirección Xeral da Función Pública, Servizo de Selección (edificio administrativo San Caetano. Santiago de Compostela). Para isto, deberán empregar o modelo co código PR004A previsto na Orde do 4.5.2017 que aproba a posta en funcionamento do servizo para a presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado, habilitado na sede electrónica da Xunta de Galicia na dirección <https://sede.xunta.gal>; ou ben presentará a documentación nas oficinas de Rexistro da Xunta de Galicia e nos demais lugares previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Sétimo. Finalizado o prazo para a elección de destinos, a aplicación efectuará a adxudicación automática de destinos, en función do grupo e categoría á que se accede e a orde de prelación acadada por cada persoa aspirante no seu proceso e atendendo á orde de preferencia na selección de destinos efectuada por esta.

A adxudicación provisional de postos resolverase mediante resolución da consellería competente en materia de función pública e publicarase no DOG.





As persoas aspirantes que obteñan un destino provisional deberán optar as prazas que se oferten na elección de destino definitivo.

Oitavo. Estará á disposición das persoas aspirantes información complementaria para a utilización da aplicación informática e a presentación das solicitudes de elección de destino, na páxina web da Dirección Xeral da Función Pública [funcionpublica.xunta.gal](http://funcionpublica.xunta.gal).

Noveno. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase presentar recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados dende esa mesma data, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, conforme o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela

O conselleiro de Facenda e Administración Pública  
P.D. (Orde do 8 de xaneiro de 2020; DOG núm. 16, do 24 de xaneiro)  
José María Barreiro Díaz  
Director xeral da Función Pública





### ANEXO I

Nº de orde	nif	Apelidos e nome
1	***6918**	López Fortúnez, Mario
2	***3392**	Merino Vallo, Marta María
3	***7488**	López Vázquez, Alberto
4	***5038**	Milleiro Sánchez, María del Mar
5	***9164**	Fernández Galdo, María Elena
6	***2873**	Martínez Pérez, Emilio Manuel
7	***0262**	Álvarez Boullosa, Concepción
8	***8409**	González Iglesias, Francisco
9	***3182**	Vázquez Pallas, María José
10	***5000**	Fontela Rodríguez, Alberto
11	***1262**	Ovies García, Francisco
12	***9504**	Vasconcellos Lis, Silvia
13	***3365**	Blanco Pérez, Aida Elisabet
14	***9795**	Pérez Cibeira, Mónica
15	***2774**	Díaz Pérez, Ana María
16	***3904**	Rodríguez-Brufau Suárez, Rafael
17	***7178**	Ojea Rodríguez, Susana
18	***0913**	Fernández Iglesias, José Luis
19	***7785**	Seoane Moras, Luis Miguel
20	***9161**	Hermida Román, María Cecilia
21	***5319**	Suárez Vázquez, Nerea
22	***7303**	Bustelo Cabanas, Andrea

### ANEXO II Prazas ofertadas

Nº	Código	Denominación	Cons	Centro destino	Centro directivo	Concello	Adscr
1	MRC992013036240019	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Lalín	Servizos Periféricos	Lalín	I - 005
2	MRC992009027640016	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Vilalba	Servizos Periféricos	Vilalba	I - 005
3	MRC992005027001017	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Lugo	Servizos Periféricos	Lugo	I - 005
4	MRC992007127290025	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Oficina de Mondoñedo	Servizos Periféricos	Mondoñedo	I - 005





5	MRC992003415350020	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Oficina de Ferrol	Servizos Periféricos	Ferrol	I - 005
6	MRC992001015060020	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Arzúa	Servizos Periféricos	Arzúa	I - 005
7	MRC992001015060021	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Arzúa	Servizos Periféricos	Arzúa	I - 005
8	MRC992003015350022	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Betanzos-Ferrol	Servizos Periféricos	Ferrol	I - 005
9	MRC992003015350023	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Betanzos-Ferrol	Servizos Periféricos	Ferrol	I - 005
10	MRC992004015560014	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Noia	Servizos Periféricos	Noia	I - 005
11	MRC992001015060022	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Arzúa	Servizos Periféricos	Arzúa	I - 005
12	MRC992006027060012	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Becerreá	Servizos Periféricos	Becerreá	I - 005
13	MRC992009027640018	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Vilalba	Servizos Periféricos	Vilalba	I - 005
14	MRC992013036240013	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Lalín	Servizos Periféricos	Lalín	I - 005
15	MRC992013036240015	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Lalín	Servizos Periféricos	Lalín	I - 005
16	MRC992005127001040	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Oficina de Lugo	Servizos Periféricos	Lugo	I - 005
17	MRC992009127640051	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Oficina de Vilalba	Servizos Periféricos	Vilalba	I - 005
18	MRC992013036240016	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Lalín	Servizos Periféricos	Lalín	I - 005
19	MRC992002015190004	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Carballo	Servizos Periféricos	Carballo	I - 005
20	MRC992008027300011	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Monforte de Lemos	Servizos Periféricos	Monforte de Lemos	I - 005
21	MRC992009027640014	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Área de Vilalba	Servizos Periféricos	Vilalba	I - 005
22	MRC991050132001091	Titulado/a Superior Veterinario/a	MR	Servizo de Gandaría (Ourense)	Servizos Periféricos	Ourense	I - 005

